

## PROGRAMA

*Aseguraremos o desenvolvemento da localidade e dos seus poboadores pola vía da diversificación da economía e na base da utilización do potencial natural, organizando servizos con calidade que satisfagan as demandas da poboación local e brinden emprego, fortalezan a identidade e reanimen a economía.*

*Formaremos un goberno local eficaz, co que se podan resolver as carencias operativas da Corporación Municipal dos últimos anos. Queremos fixar a permanencia dos xóvenes, establecer un nivel de calidade de vida para a terceira idade, lograr un alto grao de desenvolvemento relativo da economía local.*

*E o momento de aproveitar a xestión económica e social do goberno estatal e da comunidade autónoma, para conseguir que o desenvolvemento dos programas dirixidos ao Parque Natural den resposta ás necesidades da poboación e o seu enriquecemento cultural e económico.*

*Trataremos de recuperar progresivamente a poboación que foi empurrada para unha emigración non desexada.*

### **Goberno local eficaz.**

Estableceremos un sistema de traballo, descentralizado no posible, con responsabilidades compartidas co resto dos membros da Corporación, asignando cometidos a cada un, e baseado no seguimento das prioridades e necesidades da poboación e:

- ✍ Remataremos e poremos en funcionamento o Camping de Expendelo.
- ✍ Construiremos e aproveitaremos a Piscina Termal exterior de o Baño, integrando natureza e historia, percurando o beneficio dos veciños dende o reclamo turístico e a dinamización económica local que suporía a presenza estimada duns 3.000 visitantes semanais.
- ✍ Xestionaremos coa Xunta a construción dun Xeriátrico.
- ✍ Conviremos cos demais Concellos da comarca da Baixa Limia a construción dun Parque Empresarial, estudando a súa ubicación nun lugar estratéxico e equidistante a todos os demais Concellos.
- ✍ Realizaremos seguimentos para unha maior eficacia de servizos e o seu mantemento, dirixidos á poboación residente na localidade, e que veñan a melloralala súa calidade de vida.
- ✍ Traballaremos nun programa de concentración das depuradoras a modo integral ou por Parroquias, que atinxa a todo o Concello.
- ✍ Acondicionaremos o Río Lobios no entorno desa poboación.

### **Mellora da calidade de vida da terceira idade.**

Ofrecémoslle á poboación maior de 65 anos (40%) unha oferta básica de servizos públicos de asistencia e de lecer para lograr que se constituía o Concello Lobios en "*un lugar para vivir*", permitindo que disfruten os nosos maiores dunha perfecta calidade de vida no seu propio lar con:

#### Comida

Criaremos un servizo de comidas a domicilio, con dous menús a escoller (un de dieta). O prezo máximo de tres euros a comida, e a cea de dous euros.

#### Asistencia

Melloraremos e achegaremos a tódolos que o precisen a asistencia a domicilio, limpeza, etc.

#### Centro de día

Adequaremos un local para funcionar como Centro de Día, ao que se trasladarán diariamente os maiores que o desexen para realizar actividades de lecer, xogos, lectura, Internet, etc.

#### Transporte

Disporemos de un ou mais vehículos asignados aos maiores, destinado ao reparto das comidas, traslado ao Centro de Día, etc.

Dada a homoxeneidade territorial de Lobios, Entrimo e Muiños, pretendemos que este servizo aos maiores puidese ser compartido polos tres Concellos, conseguindo con iso unha redución de custos o que repercutiría nas arcas municipais.

### **Desenvolvemento da economía local.**

Ampliaremos a trama productiva local con un maior número de actividades, para o cal impulsaremos novas actividades ligadas ao potencial endógeno da localidade.

A maior parte destes obxectivos van ligados aos programas e proxectos que a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ten previstos realizar no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, polo tanto, o seu ámbito de aplicación amplo beneficiará a tódolos veciños de Lobios.

1. Adquiriremos e adecuaremos a Casa dá Escusalla como Centro de Interpretación do Parque, etc.
2. Na Vía Nova (Itinerario XVIII de Antonino), impulsaremos a súa candidatura como Patrimonio da Humanidade. Promover no xacemento arqueolóxico de O Covelo un centro de interpretación das augas termais na época romana.

3. Dinamizaremos a estrutura empresarial, co obxecto levar a efecto programas e proxectos de actuación, así como a necesidade de adaptación a novas técnicas de produción, organización e distribución.
4. Poremos en marcha un estudo, avaliación de alternativas e implementación de programas locais de desenvolvemento de explotación por diversas vías dos recursos endóxenos da localidade, orientados ao aseguramento sustentable da prestación de servizos como condición necesaria para o despegue económico e social, como poden ser:
  - A agricultura tradicional.
  - A gandería extensiva.
  - A caza e pesca.
  - A agricultura ecolóxica.
  - As alternativas de lecer e recreo para a poboación.
  - O uso público do territorio.
  - A posta en valor dos recursos naturais e do patrimonio natural.

Para isto é necesario:

- ✍ Formular os programas de desenvolvemento para o aproveitamento dos recursos locais básicos e complementarios que permitan incorporar á oferta de servizo turístico as potencialidades do Concello.
- ✍ Formar, ampliar continuamente, actualizar de forma sistemática e promover unha base de proxectos integrais para a explotación sustentable dos recursos locais con fins de servizos turísticos.

*O espírito destas actuacións é a de servir de experimentos "piloto", para poder demostrar que o uso sustentable dos recursos naturais poden ser un factor de desenvolvemento económico tamén no resto de Galicia.*

Deseñaremos os produtos turísticos locais e a súa explotación sustentable a partir dos recursos endóxenos, as seguintes suxestións poden axudar á conformación destes:

### **Actividades culturais**

1. Trataremoslas raias de Lindoso e Portela de Home como referentes de identidade Arraiana.
2. Recuperaremos e restauraremos o Outeiro como núcleo rural paradigma da economía tradicional, que xunto con Salgueiros, Queguas e Escusalla, conformarían un roteiro etnográfico integral.
3. Apostamos por un centro de interpretación da minería de Wolfram no século pasado nas Minas das Sombras.
4. Desenvolveremos un festival de música e danzas luso-galaicas na Madalena ou na Portela do Home.
5. Estableceremos un premio literario Arraiano luso-galaico.

### **Actividades ao ar libre**

1. Proferiremos as rotas de sendeirismo deseñadas polo Parque Natural e desenvolveremos novas rotas, baseadas na arqueoloxía da paisaxe.

The logo of the Partido Socialista Obrero Español (PSOE) is a red square with the letters 'PSOE' in white, bold, sans-serif font.

### **Colaboración con outros municipios.**

Unha das nosas prioridades será o elevar o nivel de relacións intermunicipais, coa idea de afrontar os grandes problemas e as iniciativas que nos son comúns, para axilizar proxectos e sobre todo de alixeirar gastos.